



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

MOBILIZACIÓN PARA AVANZAR

Para moitos traballadores e traballadoras desta empresa, a RR.TT. non actúa de maneira apropiada na Mesa de Negociación. Cando a empresa introduce os seus obxectivos son para permanecer de maneira indefinida mentres que para nós, a garantía de emprego, a non mobilidade xeográfica, a non segregación e incluso manter o poder adquisitivo resulta materia de negociación convenio tras convenio. Ou non están capacitados para defender os intereses colectivos dos traballadores e traballadoras ou están entregados aos intereses da empresa.

Para os que paramos non é comprensible a falta de apoio ás mobilizacións porque os obxectivos son moi claros: evitar que a empresa imponha un modelo de Clasificación Profesional que modifica substancialmente o modelo de empresa que actualmente temos, con consecuencias moi negativas para todo o cadro de persoal. Tampouco é comprensible que non se sumen ás mobilizacións ante as pretensións da empresa de introducir uns novos salarios base sensiblemente inferiores.

Os sindicatos que convocan e apoian o paro somos os que estamos por dar a batalla ás pretensións da empresa pero os traballadores podemos estar todos. É cuestión de que valoremos individualmente, e con detalle, os textos que propón a empresa e actuemos de maneira consecuente. Nunca é un error defender, como se poida, os nosos intereses.

No día de hoxe, 18 de xuño, a empresa presentou unha nova proposta, que non varía no que nos preocupa a todos. A suba sería do IPC sobre a Masa Salarial, partindo dun 3% inicial, 2,7% en Táboas e consolidaríase o Plus de Productividade, no seu nivel inferior, de maneira similar ao pasado convenio. O novo emprego entraría coas táboas salariais novas (cun salario base moi inferior ao actual) de maneira transitoria durante a vixencia do Convenio, e se non se chegase a un acordo na Clasificación Profesional entón pasarían a cobrar polas nosas táboas. Despois de todo o que se ten asinado na Negociación Permanente e nos ANC quen se pode crer que non haberá acordo. O modelo de Clasificación Profesional non varia da anterior proposta. En definitiva, a empresa non rectifica e a mobilización debe continuar para facerlle cambiar á empresa de actitude, e para darlle máis forza aos sindicatos que están na Mesa de Negociación para que rexeiten estas propostas da empresa.

SÚMATE AGORA. AÍNDA TEREMOS MAIS FORZA

POR UN CONVENIO XUSTO

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.
Non te limites a escoitar, faite oír.

Galiza, 18 de xuño de 2008

www.cigtelefonica.com